


REVISIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS E ORGANIZACIÓN DOS ORGANOS XUDICIAIS NO ÁMBITO DO TSX GALICIA

Revisión aprobada pola Comisión da Sala de Goberno do TSXG en sesión do 2 de decembro de 2022

MEDIDAS QUE SE ELIMINAN

1. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre utilización das salas de vistas (salas e espazos comúns, normas sanitarias durante a celebración das actuacións xudiciais).
2. As medidas de carácter sanitario adoptadas sobre o uso dos edificios xudiciais (entrada, saída e permanencia no edificio). En particular **eliminaranse de xeito inmediato todos os elementos que dificulten o acceso ás dependencias xudiciais, e nomeadamente o acceso dos profesionais (por exemplo, timbres, cadeas, armarios, mesas etc.)**.
3. Consecuencia da eliminación destas medidas é a **retirada de cada sede xudicial dos carteis indicativos das medidas que agora se suprimen**.

A eliminación destas medidas ten por obxecto restablecer no posible a situación ordinaria e de normalidade anterior á declaración do estado de emerxencia, sen prexuízo daquelas medidas puntuais acomodadas a cada situación particular que poida adoptar cada xuíz/a ou maxistrado/a en exercicio das facultades de policía de estrados que lle veñen atribuídas, ou daquelas que poidan adoptar os/as decanos/as no exercicio das súas competencias.



MEDIDAS QUE SE MANTEÑEN

1. **Forma de celebración das actuacións procesuais:** mantéñense as medidas que se recollen no Protocolo baixo o apartado de “Forma de celebración das actuacións procesuais”, coa excepción do número 8 (indicacións e prevencións sanitarias), que queda eliminado.
2. **Atención ao público:** mantéñense as medidas que se recollen baixo o apartado de atención ao público en sedes xudiciais, coas seguintes melloras:
 - No cartel daquelas sedes en que se localizan varios órganos xudiciais, débese indicar o teléfono e o correo electrónico de contacto de cada un deles.
 - Recoméndase aos órganos xudiciais que as citas se repartan ao longo de todo o horario de atención ao público das oficinas xudiciais.



REXISTROS CIVÍS

Recoméndase que se repartan as citas ao longo de todo o horario de atención ao público.

Recoméndase que garantan que a cidadanía, a través do propio persoal dos rexistros ou das oficinas de Atención á Cidadanía, poida pedir cita telefonicamente ou de forma presencial.

USO DE TOGAS POLOS PROFESIONAIS

A Sala de Goberno do TSXG considera que a dignidade e a solemnidade das actuacións en audiencia pública implica a recomendación do uso da toga polos profesionais que asisten a elas.